

a clásica

CONCERTOS ÁS BEIRAS DO MIÑO

3/8 MELGAÇO ▶ 4/8 OIA ▶ 7/8 SALVATERRA
10/8 VILA NOVA DE CERVEIRA
12/8 A GUARDA

1984
▼▼▼▼
40
▲▲▲▲
2024
OCU

a clásica

CONCERTOS ÁS BEIRAS DO MIÑO



ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO ▶ 40 ANIVERSARIO

CONCERTOS ÁS BEIRAS DO MIÑO: SOUTULLO

10.08.2024 | 22:00 (PT) | AUDITÓRIO MUNICIPAL DE VILANOVA DE CERVEIRA

12.08.2024 | 21:00 | AUDITORIO DE SAN BIEITO, A GUARDA

No ano 2024 celebramos o centenario da estrea de *La leyenda del beso*, obra fundamental no repertorio de Reveriano Soutullo. Nacido en Ponteareas en 1880, é un dos compositores máis importantes da historia de Galicia, e sen dúbida, convertiuse no autor galego máis versionado da historia grazas á súa repercusión e gravacións posteriores en Iberoamérica.

Soutullo, grazas ao traballo con Juan Vert, acadou o recoñecemento coas súas zarzuelas, tendo un espazo incontestable entre os artistas máis importantes do primeiro terzo do século XX no xénero lírico. De feito, ao pouco do seu falecemento en 1932, Jesús Bal y Gay cualificouno de «académico de la zarzuela». Obras como *La serenata del pueblo* (1909), *La paloma del barrio* (1911), *Amores de aldea* (1915), *La leyenda del beso* (1924), *Encarna la Miseria* (1925), *La del Soto del Parral* (1927) ou *El último romántico* (1928), son a parte máis recoñecida do seu legado. Mais tampouco debemos esquecer a súa contribución ao noso patrimonio musical a través das transcripcións, arranxos, música para piano, as súas aportacións á música lixeira ou música de banda, cun inesquecible pasodobre «Punteareas».

Neste concerto queremos poñer en valor a música que lle dedicou á súa terra, patria repartida entre Ponteareas, Redondela e Vigo, recuperando as obras que lle dedicou a estas localidades. «Punteareas» é un himno, ao que se lle suma dúas obras recuperadas e reinstrumentadas por Manuel Martínez Álvarez-Nava, director da Orquesta Clásica de Vigo: A suite Vigo e o pasodobre Redondela, que será unha estrea absoluta neste ciclo.

Reveriano Soutullo (1880 - 1932)

- ▶ *Otoñal*, “Polka para piano e cordas”
- ▶ *Suite Vigo*, “Suite sobre cantos rexionais galegos”
 - I. Andante. Allegro moderato. Allegro giusto. Quasi presto. Andante
 - II. Lento moderato
 - III. Muiñeira. Allegro. Allegro mosso. Più stretto
- ▶ *Redondela*, “Pasodobre” (Estrea Absoluta)
- ▶ *Punteareas*, “Pasodobre”

Dirixe: Manuel Martínez Álvarez-Nava

ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO 40 ANIVERSARIO

A Orquesta Clásica de Vigo, decana de Galicia, naceu en 1984 da man do seu director titular e artístico Manuel Martínez Álvarez-Nava, configurando un proxecto que ofrece a súa programación anual na cidade de Vigo. Nos 40 anos de historia da entidade, as obras interpretadas superan as 500, sendo isto un exemplo de aposta pola diversidade na música. Nos últimos anos realizou propostas de danza, cinema en directo, bandas sonoras, propostas actuais e obras consagradas. Trátase dunha formación que aposta pola innovación, os novos formatos e o traballo entre disciplinas, espazos e estilos. Polos seus atrás pasaron máis de 650 instrumentistas de toda Galicia e do Norte de Portugal, con máis de 140 solistas. A Orquesta Clásica de Vigo non entende de estilos ou etiquetas na súa programación, que se entende como unha oportunidade para explorar a riqueza do patrimonio musical e atraer a públicos distintos aos da música clásica tradicional.

MANUEL MARTÍNEZ ÁLVAREZ-NAVA DIRECTOR TITULAR Y ARTÍSTICO

Nacido en Oviedo en 1957. Discípulo do mestre Alfonso Ordieres Rivero, estuda violín e viola no Conservatorio Superior de Asturias. Posteriormente amplía os seus estudos de viola con Enrique Santiago. Estuda dirección de orquesta co mestre Jacques Bodmer, discípulo do lexendario mestre Hermann Scherchen. Foi profesor violista da Orquesta Sinfónica de Asturias “Angel-Muñiz Toca” entre 1977 e 1983. Fundador, Solista y Concertino da Orquesta Universitaria de Oviedo, da que tamén foi director adxunto. De 1983 a 2023 foi catedrático de violín no Conservatorio Superior de Música de Vigo. Recentemente foi director convidado en cidades como L’Aquila, Viana do Castelo, Trento ou Hamburgo. É o director titular da Orquesta Clásica de Vigo dende a súa creación en 1984.

a clásica